Cedeira 2020

Programación de Verán

Sábado 11 de xullo - 22.45 h. - Praza Roxa

Cine: La Casa del Reloj en la Pared

A historia conta o máxico e arrepiante relato de Lewis (Owen Vaccaro), un neno de 10 anos quen, tras quedar orfo, se muda á vella e rechinante casa do seu tío, a cal ten un misterioso reloxo. Pronto, a aburrida e tranquila vida do seu novo pobo vese interrompida cando accidentalmente, Lewis esperta a magos e bruxas dun mundo secreto.

Sábado 18 de xullo - 20.00 h. - Praza Floreal

Teatro de Rúa - Fantoches Baj
Os Romeiros do caracol

Santo André de Teixido é un dos santuarios máis importantes de Galicia. Na súa monumental obra Romarías e Santuarios de Galicia Fraguas dedica o capítulo máis extenso a describir, con pormenor, a peregrinación a Santo André de Teixido: os ritos, as cancións, as lendas e o santuario. E con todo ese material etnográfico Fantoches Baj constrúe un espectáculo para público familiar.

Venres 24 de xullo - 21.00 H. - Praza Roxa

Música: Ejazz

Galardoadas co Premio Martín Códax da Música na categoría de grupos vocais e coros (2019 e 2017) e coa voz como único instrumento, as vocalistas galegas, Ejazz, levan percorrendo os principais clubes de jazz, salas de concertos e festivais da súa comunidade dende o 2012. Ao frente da formación encóntrase a recoñecida mestra e cantante, Carmen Rey, como arranxista e directora musical. Completan o cuarteto Ángeles Dorrio, Marga Ramos e Betty Queiro, cada unha delas cos seus proxectos en solitario e con extensas traxectorias musicais.

Domingo 26 de xullo - 21.00 H. - Praza Roxa

Maxia - Martín Camiña
Asombros de Rúa

Un teatro móbil con toda a produción técnica, cheo de asombros, ilusións, humor,cordas, panos, papeis, etc.. darán forma e esculpirán estes asombros de rúa.

Sábado 1 de agosto - 20.00 h. - Praza Roxa

Música: Uxía Lambona e a Banda Molona Astronauta Sideral

Uxía lambona e a Banda Molona é unha banda musical infantil que nace no ano 2014 e está formada por Pali ao baixo, Ñoc á batería, Diego á gaita e frauta, Serghaño á guitarra, Roscón ao acordeón e Laura "Uxía Lambona" cantando e animando! Ten o obxectivo de facer cantar e bailar "coma toliños" a todos os nenos e nenas, achegándolles a música tradicional galega dun xeito atractivo para eles, cambiando estilos musicáis, letras..., e temas propios sempre en galego. con intervencións cómicas, aparición da Vaca Muxía... entre outras sorpresas!

Venres 14 de agosto - 20.00 h. - Praza Floreal

Circo de rúa:Muu presenta Crunch!

Crunch! Dous superheroes que están dispostos a todo para axudar, aínda que as cousas non saian sempre como queren. Os seus problemas son os teus problemas, coa crise, a conciliación laboral e familiar faise difícil incluso para eles. No fondo todas as persoas somos superheroes. Crunch! é un espectáculo de novo circo, de vellos amigos, de clown, de malabares diarios para chegar a fin de mes, de sal tos mortais, de golpes e caídas coas que aprendemos e saímos adiante, e sobre todo de risas, que é o máis necesario.

Sábado 15 de agosto - 19.30 h. - Praza Floreal

Circo Danza: Su.Ma presenta Ikigai

Espectáculo de danza-circo 360º de medio formato dirixido por Gonçalo Guerreiro (Elefante Elegante), onde dous personaxes crean mundos de fantasía. Xogo e imaxinación, acrobacia aérea e voz cantada en directo, son os ingredientes dun espectáculo onde a maxia xorde do uso creativo dos elementos e a destreza comunicativa das interpretes co espectador. Que te impulsa a seguir, a levantarte cada dia como si fora novo? Que fai que se esperten os teus sorrisos. ¿Cal é o teu Ikigai?

Sábado 15 de agosto - 21.00 h. - Praza Roxa

Música: A Gramola Gominola Bravas. O rexurdir da luz

A Gramola Gominola é unha banda de auténtico Rock&Roll en galego para o público cativo. Eles son Paco Cerdeira (Pakolas, Zenzar), Paula Romero (De Vacas, Coro Encaixe), Anxelo de Xermar (Festicultores Troupe) e Rodrigo Muñoz (Di elas, Lacón con Grelos). O grupo naceu no ano 2015 e dende entón deron centos de concertos poñendo ao público en pé cos cornos en man! Premio Martin Códax da Música 2018 ao mellor grupo de música infantil.

Domingo 16 de agosto - 20.00 h. - Praza Floreal

Circo danza: Traspediante presenta Up2Down

"Up2Down" é un espectáculo de danza-circo contemporáneo no que o humor e a danza interactúan cunha disciplina circense nova en Galicia: o funambulismo. Xunto a elas, percorrerás unha viaxe emocional a través dos seus desexos e aspiracións ata alcanzar un punto de encontro; o equilibrio.

Venres 21 agosto - 22.30 h. - Praza Roxa

Cine: Bohemian Rhapsody

' Bohemian Rhapsody' é unha celebración do grupo Queen, da súa música e do seu singular cantante Freddie Mercury, que desafiou estereotipos para converterse nun dos showmans máis queridos do mundo.



Sábado 22 de agosto - 20.00 h. - Praza Floreal

Circo aéreos: Duelirium presenta
O que queda por chover.

O espectáculo fala do paso do tempo de dúas mulleres. A infancia, a adolescencia, a madurez, son puntos polos que transcorre esta simpática e positiva historia. Espectáculo dinámico e visual. Trapecio, pirámide, corda, acrobalance, clown,
como técnicas circenses. Intérpretes: Raquela Oitavén e Mertxe Solé

Venres 28 agosto - 22.30 h. - Praza Roxa

Cine: Quien a hierro mata

Nun pobo da costa galega vive Mario, un home exemplar. Na residencia de anciáns na que traballa como enfermeiro todos aprécianlle. Cando o narcotraficante máis coñecido da zona, Antonio Padín, recentemente saído do cárcere, ingresa na residencia, Mario trata de que Antonio senta como na casa.

Sábado 29 de agosto - 20.00 h. - Praza Floreal

Música: Paco Nogueiras - Radio BuleBule

Abre as orellas! Sintoniza Radio BULEBULE, a radio itinerante, radio ambulante, radio cantante, transmitindo para o mundo en linguaxe universal. Irrompe no dial a emisora que soñamos. A emisora que máis nos gusta. Porque dentro dela soa o universo todo, porque dentro dela todo o universo é música.

Sábado 5 de setembro - 20.00 h. - Praza Roxa

Música: Suso Vaamonde & Xose Lois Romero

24 Instrumentos Populares Galegos

Suso Vaamonde e Xosé Lois Romero lévannos de viaxe a través dos instrumentos da tradición musical galega: distintos tipos de gaitas, a zanfona, dous tipos de acordeóns, requintas e frautas, ocarinas e asubíos, instrumentos de percusión...

En todos os espectáculos poñeranse cadeiras a disposición das persoas asistentes, que serán saneadas previamente.

Aquelas persoas que non convivan xuntas terán que sentarse gardando a distancia de seguridade obrigatoria. Esta obrigación é tamén para as nenas e nenos polo que recomendamos aos pais/nais que asistan aos espectáculos con eles.

O uso de máscara é obrigatorio tanto na entrada e saída da zona de cadeiras como nos desprazamentos que se fagan nesa zona. Unha vez estemos na nosa localidade poderemos retirar a máscara.

En caso de choiva, aqueles espectáculos que permitan a súa realización en interior trasladaranse ao auditorio municipal, asignando localidades ata cubrir a ocupación máxima actual.

Manter as medidas de precaución é fundamental para protexernos.

Cabo Ortegal Proxecto de Xeoparque

Concello de Cedeira

Deputación da Coruña